



FADEMGA

 **Plena
inclusión**
Galicia

presentación

FADEMGA Plena inclusión Galicia é a Federación Galega de Asociacións en Favor de Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento, e ten como **misión** mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias. E para isto é necesario acadar a integración real e efectiva na sociedade deste colectivo, que inevitablemente ten que pasar por unha integración **laboral, familiar, cultural e social**.

A inclusión laboral en empresas ordinarias constitúe o proceso polo cal calquera persoa pasa a formar parte dunha comunidade, aportando o seu esforzo a un ben común e converténdose en membros de pleno dereito da sociedade que axuda a construír. É, polo tanto, un factor primordial do desenvolvemento individual que incide de forma directa na mellora da calidade de vida a través da participación social e do desenvolvemento da autodeterminación.

As Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento presentan, en maior ou menor grao, dificultades na interacción coa súa contorna. Estas pódense solventar mediante a provisión dos apoios axeitados, que no ámbito de actuación do emprego deberán ser personalizados, estables e prolongados, tanto dentro coma fóra do ámbito laboral.

O presente proxecto pretende facilitar o acceso ao mercado de traballo ordinario mediante unha formación teórico-práctica centrada nas necesidades da persoas con discapacidade, aumentando así as posibilidades de inserción.

Cada día son máis as empresas implicadas no proxecto, sendo estas unha mostra da aposta pola integración social e laboral deste colectivo que pasa a formar parte activa da sociedade á que pertence.

Eladio Fernández Pérez
Presidente de FADEMGA Plena inclusión Galicia



Formación práctica na empresa previa ao emprego con apoio

que é

Enténdese por Emprego con Apoio o emprego integrado na comunidade dentro de empresas normalizadas, para persoas con discapacidade ou risco de exclusión social que tradicionalmente non tiveron a posibilidade de acceso ao mercado laboral, mediante a provisión dos apoios necesarios dentro e fóra do lugar de traballo, ao longo da súa vida laboral, e en condicións de emprego o máis similares posible en traballo e en salario ás de outro traballador sen discapacidade nun posto equiparable dentro da mesma empresa.

Verdugo e Jordán de Urríes, 2001

As accións da Formación Práctica na Empresa Previa ao Emprego con Apoio, céntranse en **proporcionar á persoa con discapacidade intelectual os apoios necesarios para que aprenda e poida desempeñar as tarefas propias dun posto de traballo ordinario**, en condicións normalizadas.

Ditos apoios son proporcionados polo **preparador laboral** como responsable directo da formación no posto de traballo concreto, realizando as adaptacións necesarias para que a persoa poida desempeñar a actividade da mellor maneira posible, sendo estes (os apoios) retirados a medida que o futuro traballador vai gañando en autonomía.

O formación práctica previa ao emprego con apoio concíbese coma un modelo dirixido a favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade no medio ordinario de traballo. Dende a perspectiva da **normalización**, este modelo descansa sobre o **dereito ao traballo** e a percepción da actividade laboral coma un elemento clave da inclusión das persoas nun entorno comunitario do que son elementos activos.



as fases

análise do posto de traballo ①

Fase na que o preparador laboral analiza e avalía as tarefas, as condicións ambientais e laborais, a accesibilidade e seguridade do posto, o ritmo de produción, etc. dun posto determinado para concluír se é posible que unha persoa con discapacidade intelectual o poida desempeñar.

selección de candidatos ②

Despois de analizar o posto, os técnicos de orientación laboral seleccionan ás persoas máis adecuadas para formarse no posto en base ao perfil das mesmas.

formación teórica ③

Información acerca do posto de traballo
Aproximación á información laboral de interese
Prevención de riscos laborais
Habilidades sociais e prelaborais

formación práctica na empresa ④

Asínase un **convenio de colaboración** entre a entidade promotora, a empresa e a persoa que se vai a formar, á que se lle fai un **seguro privado** que non supón ningún custo á empresa. Lévese a cabo a formación na propia empresa, baixo a supervisión do **preparador laboral**, quen se encargará de ensinar as tarefas que require o posto de traballo e de dar os apoios que se consideren necesarios.

proposta de contratación ⑤

Unha vez rematada a formación propónse a contratación da persoa que se considera máis idónea para o posto.

modalidades de apoio á contratación

apoio á inserción O preparador laboral presta os apoios axeitados á persoa no seu posto durante o tempo que sexa necesario, sendo máis intensivos ao comezo da contratación e paulatinamente íranse retirando.


seguimento o preparador laboral de xeito puntual prestará os apoios axeitados ás necesidades que vaian xurdindo.

emprego con apoio Cando o empresario considere necesario a presenza do preparador laboral de xeito continuado durante toda a vixencia do contrato, pode acollerse ao RD 870/2007 do 2 de xullo que regula esta opción de inserción laboral




vantaxes


para a persoa con discapacidade intelectual



para a empresa



para a sociedade





experiencias

Supervisión y Control, S.A. – ITV

Estación Sabón – Arteixo
Estación Espíritu Santo – Sada
Estación Polígono Tambre – Santiago
Estación Cacheiras – Teo
Estación Ferrol
Estación Pontevara
Estación Vilagarcía
Estación Peinador - Vigo
Estación Curro-Barro – Sequeiros
Estación O Porriño
Estación Lalín
Estación Polígono Industrial O Ceao
Estación San Ciprián Das Viñas
Estación Ribeira
Estación Burela
Estación O Aio - Zas

Efcál S.L.

Mozo de almacén
Recepcionista
Auxiliar administrativo

Clean Express

Planchadora-recepcionista

Grupo Tecam

Axudante de almacén
Axudante de carpintería

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Ordenanza

Hotel Scala

Camareira piso

Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos

Ordenanza

TOYS ´R´ US

Repoñedor
Big ticket bicicleta
Repoñedor bazar infantil

Jardinería Hnos. Lomba

Auxiliar administrativo

SPECIAL OLYMPICS GALICIA

Ordenanza

Marketing Aplicado

Repoñedor

Hotel Balneario de Compostela S.L

Camareira piso

Multimarca Autosar

Lavador de coches

Escuela Infantil Luis Seoane

Limpiadora

Reciclaje Inerte del Noroeste

Auxiliar administrativo
Telefonista

Arcade Consultores

Auxiliar informático

Hotel Monumento San Francisco

Auxiliar de lavandería
Camareira piso

FEUGA

Auxiliar administrativo

Grupo ARC Eurobanan-Centro Galicia

Mozo de almacén

José María Silva Nores

Peón de albanel

Decathlon Marineda City

Vendedores deportivos

Cafetería Xacobeo S.C

Camareira

Contenedores de La Coruña S.L. (CONTECO)

Peóns de reciclaxe



experiencias

Jorge Vicente Castro

Aprendiz de escaiolista

Viveros Baixo Miño, S.L

Peón agrario

Carrefour

Repoñedor

Electromecánicos Viveiro

Operador premontaxe

Fertiaga

Auxiliar administrativo

Ayuntamiento de O Vicedo

Peón

Calfensa

Peón de xardinería

Sanyres

Lavandería

Vergel: Estudio de Ingeniería y Gestión Agropecuaria

Peón

Embutidos Lalinense

Ordenanza e peóns de matadoiro

Integra CEE

Limpiadora

Pulpería Pepita

Axudantes de camareiro

Telepizza

Repartidores de a pé
Cuponeadores

Escuela Infantil de Mesoiro " A Caracola "

Limpiadoras e auxiliar de cociña

Cespa Contem

Peón de tratamentos residuais

Leroy Merlin Santiago

Repoñedor

Paz Serafín Limpiezas

Limpiadora

Decathlon (Santiago de Compostela)

Vendedores deportivos

Recuperaciones ECOLEX S.L.

Peón residuos industriais

Maier Ferroplast

Peóns de inxección

Grupo EROSKI CENTER (Cangas)

Repoñedora

CEE Caxizo S.L (Padrón)

Peón de manipulado

Hotel Bahía

Camaireras piso

Empresa J.Rilo (Punto limpio Ferrol)

Peón de reciclaxe
Auxiliar Administrativo

Máis de **80 persoas** contratadas a través das modalidades de inserción:
Formación Práctica na empresa previa ao Emprego con Apoio e Contratación Directa prestando apoios continuos e intensos ao comezo da inserción e posterior retirada gradual dos mesmos.